

Unidade 2. A apócema cantareira

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

O COELLO NO SOMBREIRO

Tomporrón poooón...

Hoxe hai representación!

Anunciando pola rúa

un coche pasou dicindo

que pola noite haberá

dobre función do mago Antón.

Tomporrón poooón...

Agora o mago Antón

mete o coello nun caixón

e cando vai sacalo...

onde estará o condenado?

Tomporrón poooón...

Mira que pavero está

o coello do sombreiro.

Como saíu o primeiro

mira ao público estrañado

e alguén di de contado:

Que bo estaría estufado!

Por alí anda correndo,

o pobre vén asustado,

detrás del todos berrando:

«un coello anda solto

por debaixo do escenario».

Montse VARELA



1. Completa.

- O coello saíu do **sombreiro** e o mago Antón méteo nun **caixón**.

Unidade 2. A apócema cantareira

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2. Que di alguén do público ao ver o coello? Marca.

Que gracioso e aguzado.

Que bo estaría estufado!

Que bo estaría guisado.

3. Marca a oración falsa e transfórmaa en verdadeira.

O coello non estaba no caixón.

O coello vén alegre correndo.

O público corría detrás do coello.

O coello vén asustado correndo.

4. Por que estaba asustado o coello?

Porque o público quere estufalo.

5. Escribe o anuncio da actuación do mago Antón e decórao.

Resposta libre.

Unidade 1. Tipos de maxia

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

6. Ordena as sílabas e forma palabras.

món-li

la-xa-ran

go-pe-xe

limón

laranxa

pexego

wi-ki

da-ri-man-na

zá-ma

kiwi

mandarina

mazá

7. Ordena as sílabas e forma oracións.

sé-Xo gar-a-dou to-moi po-tem

- **Xosé agardou moito tempo.**

cie-Gra-la co-ña-ci tos-pra cos-ri

- **Graciela cociña pratos ricos.**

8. Relaciona e forma oracións.

As nenas

constrúe

de formigón

Xocas

xogan

barcos de madeira

Aqueles edificios

son

ao fútbol

As nenas xogan ao fútbol.

Xocas constrúe barcos de madeira.

Aqueles edificios son de formigón.

Unidade 2. A apócema cantareira

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

9. Completa o texto coas comas e os puntos que precise.

O meu pai foi á tenda. A miña díxolle que comprase: pan, leite, mazás, patacas e sal. Vai ter que levar unha bolsa grande.

10. Le este texto, rodea os erros e volve escribir correctamente.

A miña casa está na ladeira dun monte. é unha casa grande e ten un curral de galiñas. as paredes están feitas de pedra. Tamén hai un pozo un hórreo e unha pequena horta

A miña casa está na ladeira dun monte. É unha casa grande e ten un curral de galiñas. As paredes están feitas de pedra. Tamén hai un pozo un hórreo e unha pequena horta.

11. Completa con bl ou br.

- Esa pota de cob**re** está pintada de b**ranco**.
- Esa b**l**usa non me cob**re** os b**razos**.
- O cab**le** vai polo chan.
- Ab**re** ti a porta do b**l**oque catro.

Unidade 2. A apócema cantareira

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

12. Escribe as onomatopeas correspondente.

ambulancia

Ni, no, ni, no!

paxaros

Pío, pío, pío!

espirrar

Achís, achís!

moto arrancando

Brum, brum!

pitidos coches

Piii, piii, piii!

13. Completa.

Unha **onomatopea** é unha palabra que se forma por imitación dun **son**.

14. Escribe un texto no que describas as túas partes do corpo. Resposta libre.
